

Proxecto lector do centro.

1.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Dos resultados da enquisa realizada entre o profesorado do centro sobre os problemas máis frecuentes relacionados coa lectura, despréndense algúns aspectos moi importantes:

- Falta de motivación dos alumnos/as
- Dificultades na lectura en voz alta
- Problemas de atención
- Falta de comprensión do que len, producindo dificultades para o progreso na aprendizaxe.

Ademáis disto detéctanse problemas relativos á expresión escrita. Os docentes achacan estes problemas a :

*Ambientes familiares pouco favorables à conversa coa súa riqueza léxica implícita

**Á metodoloxía na ensinanza da lectura, que se ocupa máis da técnica que da comprensión, das situacións que se mostran e súas implicacións sociais e emocionais.

***Á influencia da televisión en canto à superficialidade das relacións e à simpleza do discurso.

**** E o insuficiente fomento dende a escola do gusto pola expresión elaborada motivado polas presas que imprimen os curriculos escolares.

Propoñen continuar coa realización de actividades de animación lectora e de investigación na biblioteca, así como a colaboración desde as familias.

O hábito lector coas continuas intervencións complementarias da biblioteca estes últimos anos estase mellorando con constancia sen que tal presupoña a eliminación dos efectos das causas anteriores por isto queremos e debemos continuar coa marcha decidida do Proxecto Lector de Centro (PLC).

O inicio dun PLC e a continuidade do plan de uso da biblioteca escolar require o compromiso por parte do profesorado de tempos adicados ao esparcemento, asesoramento e acceso á información sobre o coñecemento avanzado existente relativo á lectura e usos da biblioteca.

A participación do noso Centro no “Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares” supón un aliciente e unha motivación que nos levou e leva a acadar dinámicas de traballo máis estables e unha maior implicación do profesorado, e do equipo directivo o que nos permitiu e permite mellorar o labor de xestión e dinamización da biblioteca escolar.

O profesorado amosa a súa boa disposición para recibir asesoramento e formación sobre actividades de animación á lectura e dinamización e uso da Biblioteca Escolar e como reflectimento disto é:

- Asistencia de varios profesores ás Xornadas e Encontros de Bibliotecas Escolares nestes últimos anos
- Existencia de varios grupos de traballo,
Curso 2006/07 “Dinamización da Biblioteca Escolar”
Curso 2007/08” O noso Blog como dinamizador da
Biblioteca Escolar”

Con todo isto pretendemos que este novo proxecto sexa máis ambicioso; onde a biblioteca sexa o eixe vertebrador de todo un proxecto de lectura.

2.- OBXECTIVOS

- Fomentar o hábito e o gusto pola lectura.
- Contribuir a mellorar a práctica da lecto-escritura.
- Dar valor social positivo à relación humana arredor da creación literaria.
- En definitiva, a competencia comunicativa é a principal finalidade do noso proxecto.

Os obxectivos do Proxecto Lector son os seguintes:

- 1.- Incluir no PEC, PCC e PXA a idea da necesidade da lectura, dedicándolle á mesma os recursos materiais e persoais que requira.
- 2.- Implicar a todo o profesorado do Centro para que se realice un programa de lectura xeral en momentos determinados e o poñan en práctica cos seus alumnos/as; este programa chamarémolo a HORA DE LER.
- 3.- Erradicar na medida do posible as dificultades lectoras atopadas, despois da avaliación inicial, as cales alonxan a estes nenos/as da lectura espontánea.

- 4.- Mellorar a capacidade lectora do alumnado, non só a nivel mecánico senón tamén a nivel de comprensión lectora, desenvolvendo un hábito lector persistente no tempo .
- 5.- Favorecer o gusto pola lectura como alternativa de lecer e como recurso para o desenvolvemento intelectual e cultural.
- 6.- Informar ás familias da necesidade da lectura e implicalas no Proxecto de Lectura que se estableza no Centro ou na aula.
- 7.- Dinamizar as bibliotecas de aula e do centro a través de actividades atractivas para toda a comunidade escolar.
- 8.- Realizar actividades de animación lectora, de interrelación entre niveis e coas familias, ademáis de clubs de lectura.
- 9.- Favorecer o uso dos recursos informáticos e internet para a obtención de información.
- 12.- Establecer frecuentes utilizacións dos recursos bibliotecarios para o traballo cotián da aula nas áreas impartidas.

3.-ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

Este PLC debe procurar coordinarse e integrarse con todos os demáis proxectos e programas que están acometéndose no noso Centro. Para todos eles requírese do traballo colaborativo e en equipo e conleva actuacións tanto no grupo-clase como fora dela.

Queremos ofrecer un modelo didáctico que propicie accións incitadoras da lectura, dando paso a un currículo máis lector. Trátase, en resúmen, de producir e dispoñer de “Tempos e lugares para ler”.

Non se trata de facer nada moi diferente do que ata agora viñamos facendo para fomentar a lectura e a escritura, senón de sistematizar esas actuacións ao longo do curso, aumentarlhas ,se é posible, en variedade e número, e ademáis de incorporar con todo o seu potencial os recursos da Biblioteca Escolar.

A atención da biblioteca vai estar en mans do profesorado integrante do **Equipo de Biblioteca** que será o encargado de:

- Elaborar e redactar o proxecto anual da biblioteca que se presentará ao Claustro e se incorporará ao Plan Anual de Centro.
- Colaborar co Equipo directivo na elaboración do deseño, seguimento e avaliación do Proxecto Lector de Centro.
- Catalogar, ordenar e expurgar os fondos.
- Elaborar guías de apoio para o profesorado que o demande.

- Asesorar ao alumnado no uso da biblioteca.
- Coñecer a documentación da biblioteca: ler, ver...
- Diseñar, preparar, organizar e animar as actividades da biblioteca.

O **Equipo Directivo** procederá a:

- Informar no Claustro de inicio de curso a todo o profesorado sobre o Proxecto de lectura e biblioteca escolar do centro.
- Realizar a difusión e información necesarias a todos os coordinadores de ciclo, ao inicio do curso na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Incorporar este Proxecto ao Proxecto Educativo de Centro e ao Proxecto Curricular.
- Realizar a previsión horaria necesaria para a dedicación de horas lectivas do Equipo de Biblioteca.
- Informar aos pais na reunión de inicio de curso.
- Incorporar a avaliación do Proxecto ao Plan de Avaliación do Centro.

Os **Equipos Docentes e Titorías:**

- Incorporarán ás súas Programacións a priorización da lectura comprensiva.
- Realizarán as actividades programadas co apoio do Equipo de Biblioteca.
- Desde as Titorías, traballarase nas reunións coas familias a necesidade de fomentar o gusto pola lectura nos seus fillos e se suxerirán estratexias motivadoras.
- Serán os titores, coa axuda do orientador, os encargados de realizar a avaliación inicial do alumnado do Centro.

Outros mecanismos para a circulación e difusión da información.

A través da guía da Biblioteca, boletíns informativos periódicos, circulares, web do centro e blogue da Biblioteca Escolar (<http://bibliobrey.blogspot.com>), etc.

- Presencia na web e no blogue do centro:

Na web do Centro hai un apartado para a Biblioteca escolar dende o que podemos acceder ao blogue no que incluiremos:

- Listado de exemplares organizados por idades e/ou temas.
- Reseñas de exemplares lidos polo alumnado e/ou mestras e mestres.
- Clubes de lectura.
- Comentarios sobre títulos lidos.
- Propostas de actividades de animación á lectura.
- A Guía de Utilización da Biblioteca Escolar...

Implicación da comunidade educativa.

A modificación dos hábitos lectores cando a limitamos ao ámbito puramente escolar pode facer que os nosos alumnos e alumnas acaben considerando a lectura como unha práctica só para o colexio.

Para que o hábito lector arraigue no noso alumnado ten que ter respaldo suficiente fora do ámbito escolar isto é imposible de conseguir sen a total e estreita colaboración de todos os sectores da Comunidade Educativa.

As familias:

- Recibirán información a través de boletíns e guías.
- Colaborarán en actividades de animación á lectura (contacontos, maletas viaxeiras...).

A ANPA continuará apoiándonos nas diferentes campañas.

Outros sectores da Comunidade Educativa:

- Continuaremos as relacións de colaboración cos CEIP e IES da zona.
- Intensificaremos as relacións de colaboración coa Biblioteca Municipal

4.-ACTUACIONES

Temporalización	Tarefas	Responsables
1º Trimestre	-Avaliación inicial sobre a lectura comprensiva, hábito	- Titor

	<p>lector e expresión escrita (cuestionarios)</p> <p>-Lecturas en tempos de “Samain”(temas de bruxas, fantasmas, vampiros...)</p> <p>-Clubes de lectura:grupo de alumnos que se xuntan para falar do”Libro do mes”</p> <p>-Mochilas viaxeiras: irá de familia en familia cunha selección de material para ver e ler xuntos.</p> <p>-Certame literario:”Contos de Nadal”</p> <p>-“Un libro polo Nadal” *Exposición de libros cedidos por diferentes editoriais. *Guía de recomendacións sobre os libros escollidos e orientacións para as familias.</p>	<p>-Equipo de biblioteca</p> <p>-Equipo de biblioteca e titores</p>
<p>2º Trimestre</p>	<p>-Conta-contos</p> <p>-Certame literario de poesías para a paz</p> <p>-Clubes de lectura nos recreos</p> <p>-Marzo, mes da poesía (recitais voluntarios nos recreos, exposición de poemas escritos por eles...)</p> <p>-Semana do Libro (exposición de libros feitos</p>	<p>-Encargado da biblioteca</p> <p>-Titores</p> <p>-Equipo de biblioteca</p>

	<p>por eles, lecturas dos maiores aos pequenos...)</p> <p>-Visitas á biblioteca municipal se fora o caso.</p> <p>-Visita de escritores e/ou ilustradores</p>	
3° Trimestre	<p>-Exposición temática relacionada co tema escollido para o proxecto anual de biblioteca</p> <p>-Publicación da revista escolar: "Carreiro".</p> <p>-Semana de cine e teatro en galego</p> <p>-Visita de escritores e/ou ilustradores</p>	<p>-Equipo de biblioteca</p> <p>-Titores e alumnos</p> <p>-Equipo de Norm. Ling.</p>

Xestión de actividades: formación bibliotecaria e educación documental.

Temporalización	Tarefas	Responsables
1° Trimestre	<p>- Asemblea explicativa co profesorado novo no Centro unha sesión explicativa sobre a organización, contidos e funcionamento da biblioteca</p> <p>-Visita de todos os grupos para asistir a unha sesión explicativa sobre a organización, contidos e funcionamento da biblioteca</p> <p>-Sesións presenciais na biblioteca para busca de</p>	<p>-Encargado da biblioteca e titores</p>

	<p>información e de manexo dos fondos documentais.</p> <p>-Investigación sobre os diferentes temas que se están traballando na aula.</p>	
2º Trimestre	<p>-“Recuncho de Don Moucho” Concurso cultural: cada semana fará unha pregunta cúa resposta terán que buscala nos libros de consulta da biblioteca. As respostas terán que introducilas nun caixón habilitado para tal fin.</p>	-Equipo da biblioteca
3º Trimestre	<p>-Exposicións orais sobre diferentes temas, feitas a partir dun traballo previo, de busca de información</p>	-Tutores do 2º e 3º ciclo

5.-CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

5.1.-Quen avalía o proxecto

A avaliación correrá a cargo do Claustro como órgano colexiado, se ben as persoas máis implicadas serán:

- A profesora encargado da biblioteca
- O Equipo da Biblioteca
- Representantes de alumnos do terceiro ciclo
- Xefatura de Estudos

5.2.-Cómo se avalía o proxecto

Mediante o rexistro e análise que o profesorado, en xeral, e o Bibliotecario, en particular, fagan de cada unha das actividades realizadas. Periodicamente o equipo de profesores implicados no proxecto reuniranse, para facer unha posta en común de dita avaliación.

Os instrumentos serán os seguintes:

- Observación e rexistro dos procesos e dos resultados obtidos (número de préstamos, visitas á biblioteca, participación en certames de escritura ou lectura...).
- Enquisas e cuestionarios (enquisas elaboradas pola Asesoría de Bibliotecas e outras que incluímos como anexos).
- “Método de carpeta” por el que podemos valorar e avaliar os procesos e producións do alumnado en lectura, escritura e uso dos recursos, posto que en el archivaránse os borradores, os traballos documentais, etc. Previamente los Equipos de Ciclo, coa colaboración do Coordinador do Proxecto Lector acordarán e determinarán aqueles materiais que deben incluírse, axustándose aos obxectivos propostos: materiais producidos polo alumnado relacionados co uso da documentación, as actividades de lectura e escritura e a utilización dos fondos bibliotecarios.

5.3.-Cando se avalía o proxecto

- A avaliación terá un carácter continuo. De forma permanente anotaremos os datos rexistrados durante a realización de calquera actividade.
- Trimestralmente, farase unha análise global do desenvolvemento do proxecto, por parte do Equipo de Biblioteca. Dita avaliación será punto de partida para programar o trimestre seguinte.
- Ao terminar o curso farase a avaliación final do proxecto, coa toma de decisións que correspondan, para a súa modificación no vindeiro curso.